

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### PONTEAREAS

#### Oferta de emprego público

#### *APROBACIÓN DAS BASES E COVOCATORIA DO PROCESO DE SELECCIÓN DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO OPE EXTRAORDINARIA DE 2022*

#### ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía 2022-2468, de data 16/12/2022, aprobáronse as Bases Xerais e Específicas e a Convocatoria do proceso selectivo, para a provisión mediante procedemento de Estabilización de Emprego das seguintes prazas: Administrativos C1 por concurso-oposición e Administrativo/a C1, Arquitecto/a (Grupo A, Subgrupo A1), Arquitecto/a Técnico/a (Grupo A, Subgrupo A2) e Enxeñeiro/a Técnico/a (Grupo A, Subgrupo A2), Auxiliar Administrativo/a C2, Auxiliar Axuda no Fogar, Auxiliar de Biblioteca, Auxiliar de Policía, Cocíneiro/a, Codutor Padeiro, Conserxe, Coordinador de Servizos Auxiliares Internos e Coordinador/a da Unidade, Director/a Asesor/a Psicolóxico/a CIM, Educador/a Familiar, Limpadores/as, Logopedas e Pedagogo/a, Notificador/a, Oficial 1ª Oficios Varios (Albanel), Oficios Varios Peón de Vías e Obras, Oficios Varios Peón Encargado de Limpeza, Oficios Varios Vixiante, e Oficios Varios Vixiante Vertedoiro, Orientador/a Laboral e Técnico/a Medio AEDL, Profesor/a de Música, Responsable de Arquivo, Responsable OMIC-Asesor/a Xurídico/a CIM, Responsable Persoal de Emerxencias e Persoal de Emerxencias/Conductor, Responsable de RRHH, Técnico Normalización Lingüística, Técnico Superior Educación Infantil, Xefe/a Departamento Traballador/a Social e Traballador/a Social, por concurso, segundo o preceptuado no artigo 2 e a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, incluídas na Oferta Extraordinaria de Estabilización de Emprego do ano 2022, publicada no DOG nº 97, de 20 de maio de 2012 e rectificación da mesma publicada no DOG núm. 150, do 8 de agosto de 2022.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando proceda, faranse públicos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Contra a devandita Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso -administrativo



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Pontearreas, documento asinado electronicamente

A Alcaldesa-presidenta

Cristina Fernández Davila

## **BASES XERAIS QUE REGULAN O PROCESO PARA A ESTABILIZACIÓN E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL E CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABAJO, SEGUNDO O PRECEPTUADO NO ARTIGO 2 E A DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.**

### **PRIMEIRA. BASES XERAIS**

#### **1.1 Obxecto da convocatoria**

As presentes Bases Xerais regulan os aspectos comúns dos procesos selectivos que convoque o Concello de Pontearreas, para a selección de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, en execución do proceso de estabilización de emprego temporal, previsto no artigo 2 e a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que establece a necesidade de diminución da taxa de temporalidade nas Administracións Publicas, así como a Disposición Transitoria Cuarta do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), contempla a consolidación de emprego temporal, así como os criterios comúns para a aplicación do proceso de estabilización derivado do articulo 20 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Polo que atinxe á convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración prevista polas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as presentes bases adáptanse aos criterios comúns para a elaboración das convocatorias establecidos na RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA DE ESTADO DE FUNCIÓN PÚBLICA SOBRE AS ORIENTACIÓNS PARA A POSTA EN MARCHA DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DERIVADOS DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO, ditadas o 1 de abril de 2022.

As presentes bases foron negociadas e aprobadas pola Mesa de Negociación o día 25 de Novembro de 2022.

#### **1.2 Prazas obxecto da Convocatoria**

Por Decreto da Alcaldía 2022-0982, do 10 de maio de 2022, mediante o que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de estabilización correspondente ao ano 2022, publicada no BOPPO núm. 93, do 16 de maio e no DOG núm. 97, do 20 de maio, modificado por Decreto de 17-6-2022, publicado no BOPPO núm. 127, de 5-7-2022) :

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

**Oferta extraordinaria de estabilización de emprego de 2022:  
prazas de persoal laboral**

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	GRUPO CONVENIO	SUBGRUPO	PRAZAS RESERVA MINUSVALÍA	PROCESO SELECCIÓN
PEDAGOGO/A	1	1	1.1		CONCURSO DISPOSICIÓN N ADICIONAL SEXTA LEI 20/2021
RESPONSABLE DE ARQUIVO	1	1	1.1	1	
LOGOPEDA	1	1	1.2		
ORIENTADOR/A LABORAL	1	1	1.2		
PROFESOR/A DE MÚSICA	19	1	1.2		
COORDINADOR/A DE SERVICIOS AUXILIARES INTERNOS	1	2	2.1		
COORDINADOR/A DA UNIDADE	1	2	2.1		
TÉCNICO/A SUPERIOR EN EDUCACIÓN INFANTIL	10	2	2.2		
COCIÑEIRO/A	1	2	2.3		
OFICIAL-OFICIOS VARIOS	1	2	2.3		
RESPONSABLE EMERXENCIAS	1	2	2.3		
AUXILIAR POLICÍA	1	3	2		
CONDUTOR/A PADEEIRO/A	1	3	3.1		
PERSONAL DE EMERXENCIAS	5	3	3.1		
AUXILIAR DE BIBLIOTECA	2	3	3.2		
AUXILIAR DE AYUDA HOGAR	1	3	3.3		
CONSERJE	2	4	4		
LIMPIADOR/A	3	4	4		
NOTIFICADOR/A	1	4	4		
OFICIOS VARIOS	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - OF. 3 <sup>a</sup> * (ELIMINADA)	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - PEÓN DE VÍAS E OBRAS	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - PEÓN ENCARGADO LIMPEZA	1	4	4		
OFICIOS VARIOS - VIXIANTE	1	4	4	1	
OFICIOS VARIOS - VIXIANTE VERTEDOIRO	1	4	4		

\*Con motivo da modificación da RPT aprobada en Pleno o 13-05-2022, esta praza que se atopaba vacante transfórmase en Oficial de 1ª Electricista, polo que non se inclúe na Convocatoria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

**Oferta Extraordinaria de Estabilización de Emprego 2022: Prazas de persoal funcionario:**

GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	PRAZAS RESERVA MINUSVALÍA	PROCESO SELECCIÓN
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	ARQUITECTO/A	1		Todas as prazas serán por Concurso segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, e Disposición Adicional 8ª para a praza 04.01.01.23, de oficial advo. C1, excepto a praza 01.04.00.03 de oficial advo. C1 que será por Concurso-Oposición segundo o Artigo 2º lei 20/2021.
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	1		
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	PEDAGOGO/A	1		
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	DIRECTOR/A ASESOR/A PSICOLÓXICO/A CIM	1		
A1	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA/XESTIÓN	RESPONSABLE OMIC/ASESOR/A XURÍDICO/A CIM	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	EDUCADOR/A FAMILIAR	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	TRABALLADOR/A SOCIAL	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A	1		
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	XEFE/A DE DEPARTAMENTO - TRABALLADORA SOCIAL	1		
A2	ADMINISTRACIÓN XERAL	XESTIÓN	TÉCNICA/O MEDIA /O A.E.D.L.	1		
A2	ADMINISTRACIÓN XERAL	XESTIÓN	RESPONSABLE DO DEPARTAMENTO DE RRHH	1		
C1	ADMINISTRACIÓN XERAL	ADMINISTRATIVA	OFICIAL ADMINISTRATIVO/A	6		
C2	ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR	OFICIAL ADMINISTRATIVO/A	15	2	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



As especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas.

### 1.3 Principio de igualdade de trato

A presente convocatoria ten en conta o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes polo que se refire ao acceso ao emprego, de acordo con o artigo 14 da Constitución Española, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### 1.4 Datos de carácter persoal.

A participación nos procesos selectivos obxecto destas Bases implica o consentimento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de edictos/anuncios do concello de Pontearreas, na súa sede electrónica e na páxina web municipal cando así o requira a tramitación do procedemento. Por aplicación do principio de especialidade, os datos persoais que poderán ser obxecto de publicación son: o nome, apelidos e o número do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

## SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas interesadas en participar nas probas selectivas polos procedementos de estabilización de emprego temporal, deberán reunir os seguintes requisitos na data en que expire o prazo de presentación de instancias:

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, salvo que a normativa específica determine unha diferente.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación que se requira nas bases específicas que rexan en cada convocatoria. No suposto de estar en posesión dun título equivalente ao esixido na convocatoria, haberá de



alegarse a norma que estableza a equivalencia ou na súa falta acompañar certificado expedido polo órgano competente que acredite a citada equivalencia. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Outros requisitos que, no seu caso, poidan esixirse nas correspondentes bases específicas.

Tódolos requisitos esixidos deberán posuílos os/as aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, a lo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionario/a de carreira ou ata a data da súa contratación como traballador/a fixo/a, no seu caso.

De acordo co establecido nos artigos 59 do TREBEP e no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 20 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a súa inclusión social, nos procesos selectivos serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto de aspirantes. Os aspirantes con discapacidade, deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da súa Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acredite dita condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

## TERCEIRA.- INSTANCIAS

### 3.1 Solicitudes

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr/a. Alcalde/sa Presidente/a do Concello de Pontearreas segundo o modelo establecido nas bases específicas.

A instancia conterá, polo menos, os datos identificativos e persoais do solicitante co seu enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico e a denominación do posto convocado á que opta, achegando, no seu caso, fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados.

Neste senso, no concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, podendo acreditarse a través de fotocopias simples, debendo presentar os orixinais de superar o proceso selectivo.

Para acreditar a experiencia laboral, deberá facerse a través de certificado de servizos prestados expedido por administración pública ou contrato de traballo acompañado de vida laboral.

De non ter presentada fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación. O que si está permitido é solicitar a emenda da defectuosa acreditación do mérito.

Para ser admitido nas probas selectivas correspondentes, os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación, segundo o modelo que se estableza nas bases específicas,



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación de instancias.

As/os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude, neste senso, as persoas con discapacidade recoñecida que, como consecuencia da mesma, presente especiais dificultades para a realización das probas selectivas reguladas nas presentes bases, poderán formular petición concreta na solicitude de participación, na cal deben reflectir as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección. En tal caso, e para efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión do solicitado, o/a candidato/a xuntará o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía competente, acreditando de forma que faga fe, a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, nos termos que resultan da ORDE PRE/1822/2006, de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

As/os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

### 3.2 Prazo e lugar de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de Ponteareas emprazado en rúa A Xiralda s/n, 36860-Ponteareas, de luns a venres en horario de 9 a 14 horas, ben en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que lle remitirán seguidamente ao organismo competente.

### 3.3 Taxa por Dereitos de Exame

Constitúe o feito imponible da taxa a participación como aspirantes en probas selectivas de acceso ou de promoción aos corpos ou escalas de persoal funcionario ou ás categorías de persoal laboral fixo convocadas polo Concello de Ponteareas.

A taxa aboarase durante o período de tempo que permaneza aberto o prazo para a presentación de instancias.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

Taxas de Participación:

Grupo A1 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 45,00€

Grupo A2 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 40,00€

Grupo C1 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 30,00€

Grupo C2 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 25,00€

AP ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 20,00€

#### **CUARTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

1) Finalizado o prazo dos 20 días hábiles fixado para presentar as solicitudes o Sr/a. Alcalde/ sa ditará resolución, no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, especificando no seu caso os motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

2) As/os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder reclamar ou emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

3) Contra a resolución da presidenta ou do presidente, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigo 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa.

4) O feito de figurar incluída/o na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza as/os interesadas/os posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente.

5) Toda comunicación ou publicación que sexa necesaria por parte do tribunal, farase no taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

#### **QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR**

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Resolución de Alcaldía, segundo o disposto no art.60 do TREBEP, art.59 da LEPG, e no art. 4 do R.D. 896/1991, de 7 de xullo, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos traballadores da Administración Local, así:





Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente/A, secretario/a e tres vogais, tendo en conta a paridade entre homes e mulleres. Todos os membros terán voz e voto.

Os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta representación por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos últimos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou houberan colaborado durante ese período con centros de preparación de oposicións.

4. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando neles concorran algunha circunstancia das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas con voz e sen voto, que deberán ser nomeados previamente polo mesmo órgano que nomeou o tribunal, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Por resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, se incluírá os nomeamentos dos membros titulares e suplentes do tribunal cualificador, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

7. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenrolo do proceso selectivo.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o/a presidente/a para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes, e en todo caso o Presidente/a e Secretario/a ou os seus suplentes.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

No caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar ou vogal designado en primeira orde.

9. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

10. Ao tribunal corresponderalle o desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, estando vinculado na súa actuación ás presentes bases, supletoriamente será de aplicación as normas recollidas na Lei 40/2015 para os órganos colexiados. As comunicacións que formulen os aspirantes ao tribunal dirixiranse a seu presidente/a e serán presentadas no rexistro xeral do Concello.

11. A presidencia do tribunal coordinará e realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates co seu voto de calidade. Os acordos do tribunal poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Alcalde/sa nos termos recollidos para este tipo de reclamación na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11. O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ao amparo da lexislación vixente.

## **SEXTA. CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS SELECTIVAS**

### **6.1 Procedementos de selección polo sistema de concurso- oposición.**

Procesos de estabilización do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Os procedementos de selección, en fase de oposición que non terá carácter eliminatorio, consistirán en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, incluídas as de tipo test, segundo a natureza e as funcións dos postos de traballo que van desempeñar as persoas seleccionadas. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados conforme ao baremo descrito nas bases específicas.

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma da cualificación da puntuación da fase de oposición e da obtida na fase de concurso.

Na fase de concurso valorarase a experiencia ata a data da convocatoria publicada no B.O.E.

Os certificados de servizos prestados do persoal que estivese en servizo activo no Concello de Ponteareas o día de apertura do prazo de presentación de solicitudes, serán incorporados de oficio polos servizos do concello o expediente de selección.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

**Desenvolvemento do proceso selectivo:**

a) Tanto na fase de oposición como na fase de concurso, o Tribunal respectivo publicará a puntuación provisional obtida polos aspirantes admitidos ao proceso selectivo correspondente.

b) Os aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación da puntuación provisional para formular alegacións contra a mesma. Para o caso de que non se presenten alegacións a puntuación provisional queda elevada automaticamente a definitiva e así o declarará o tribunal respectivo mediante anuncio.

Os erros materiais ou de feito que puideran advertirse na lista poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición da parte interesada.

c) Para o caso de de que se produzan alegacións, estas serán analizadas e resoltas polo respectivo tribunal notificando a súa resolución aos interesados a través de correo electrónico.

Ao mesmo tempo o tribunal publicará un anuncio coa puntuación definitiva.

**Embarazo de risco ou parto**

Se algunha das aspirantes non puidera completar o proceso selectivo a causa do embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, a súa situación quedará condicionada á finalización deste e á superación das fases que quedasen aprazadas, que non poderán demorarse tanto que se menoscabe o dereito do resto das e dos aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal, e en todo caso a realización das probas terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo.

**6.2 Procedementos de selección polo sistema de Concurso.**

Segundo o establecido na disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e con carácter excepcional e de acordo con o previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, convocaranse polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados conforme ao baremo descrito nas bases específicas de cada convocatoria. Para superar o proceso selectivo será necesario acadar un mínimo de 45 puntos.

Na fase de concurso valorarase a experiencia ata a data da convocatoria publicada no B.O.E.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

Os certificados de servizos prestados do persoal que estivese en servizo activo no Concello de Pontearreas o día de apertura do prazo de presentación de solicitudes, serán incorporados de oficio polos servizos do concello o expediente de selección.

Tanto no caso do proceso por concurso-oposición como nos procesos nos que so se celebrará so o concurso farase distinción da puntuación a outorgar na fase de experiencia profesional en base a si a experiencia foi adquirida no mesmo corpo, escala, subescala, categoría profesional ou equivalente na Administración convocante, ou se foi adquirida en outras Administracións Públicas distintas da convocante, asemade tamén se diferencia no caso de que for adquirida en outros corpos escala, subescala, categoría profesional da mesma Administración convocante ou outras Administracións, xa que logo se considera que o contexto organizativo e estrutural que existe no Concello de Pontearreas fai que as funcións a desenrolar nel polos distintos postos que o integran, non é o mesmo que noutras Administracións locais, sendo esa diferenza máis acusada respecto a Administración Autónoma e Estatal. Ademáis, esa diferente puntuación da experiencia entre o desempeño do posto na Administración convocante ou noutra e a que se contén na totalidade das bases e convocatorias que estanse a publicar o abeiro da Lei 20/2021, xa citada, por parte da totalidade das entidades locais de Galicia e do resto do territorio nacional, sendo estas bases concordantes coas das outras Administracións.

### **Desenvolvemento do proceso selectivo:**

a) Rematada a fase de concurso, o Tribunal respectivo publicará a puntuación provisional obtida polos aspirantes admitidos ao proceso selectivo correspondente.

b) Os aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación da puntuación provisional para formular alegacións contra a mesma. Para o caso de que non se presenten alegacións a puntuación provisional queda elevada automaticamente a definitiva e así o declarará o tribunal respectivo mediante anuncio.

Os erros materiais ou de feito que puideran advertirse na lista poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou a petición da parte interesada.

c) Para o caso de de que se produzan alegacións, estas serán analizadas e resoltas polo respectivo tribunal notificando a súa resolución aos interesados a través de correo electrónico.

Ao mesmo tempo o tribunal publicará un anuncio coa puntuación definitiva.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados. Tampouco se computarán os servizos realizados mediante contratos para persoal eventual, de servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas nin das bolsas de colaboración ou de formación, sen prexuízo de que en función do contido das mesmas puidéronse valorar como mérito académico (cursos de formación).



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

Así mesmo tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que prestan servizos externalizados polas devanditas Administracións, nin tampouco en empresas privadas.

### **6.3 Acreditación do coñecemento da lingua galega.**

Nos termos previstos no artigo 51.2. da LFPG a acreditación do coñecemento da lingua galega constitúe un requisito para o acceso ás prazas que se convocan nas presentes Bases.

Nas Bases específicas se especifican para cada un dos tipos de prazas que se convocan os distintos niveis de coñecemento da lingua galega que deben acreditarse polos aspirantes conforme á normativa vixente. A xustificación da dita acreditación deberá xuntarse á súa solicitude polos interesados.

Os aspirantes que non xustifiquen debidamente a acreditación do coñecemento da lingua galega deberán realizar unha proba que acredite o seu coñecemento consonte ao dito artigo 51.2. da LFPG. As probas realizaranse conforme aos criterios establecidos previamente polo Tribunal. A proba para o Grupo 4 e Agrupacións profesionais serán de carácter oral segundo os criterios establecidos.

Unha vez que resulte queden elevadas a definitivas as puntuacións obtidas na fase de concurso, o tribunal respectivo publicara un anuncio na sede electrónica do concello no que se relacionará aos aspirantes que deban realizar a proba indicando o lugar, data e hora da mesma.

No que atinxe ao concurso-oposición das prazas incluídas na oferta pública de emprego este trámite realizarase unha vez publicados os resultados de todos os exercicios que compoñen a fase de oposición.

Esta proba será de carácter práctico coa finalidade de acreditar a capacidade de comunicación en galego do aspirante coa cidadanía e terá unha duración máxima de quince minutos e será cualificada cun Apto/Non Apto, quedando excluídos do proceso selectivo os aspirantes que non a superen. Os resultados da proba serán publicados polo Tribunal, ao remate da mesma por todos os aspirantes que se presenten, na sede electrónica do concello.

Os aspirantes que non comparezan a realizar a proba quedarán automaticamente excluídos do proceso selectivo.

O chamamentos para esta proba de carácter oral empezará polos aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra T de conformidade co disposto na Resolución de 28 de xaneiro de 2022 da Dirección Xeral da Función Pública pola que fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ao persoal ao servizo da Administración Local de Galicia segundo o disposto no artigo 4.1.b). da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia. No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra seguinte do abecedario, e así, sucesivamente.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

## 6.4 Criterios de desempate

A. Para as prazas pertencentes á oferta de emprego público de carácter excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, os criterios de desempate a aplicar en caso de empate na puntuación final do concurso serán os que de seguido se enumeran coa seguinte orden de prelación:

1º.- Estar ocupando no concello de Ponteareas a praza obxecto da convocatoria.

2º.- Estar ocupando no concello de Ponteareas unha das prazas da mesma Subescala ou categoría que a convocada.

3º.- Estar ocupando unha praza de distinta Subescala ou categoría que a convocada no concello de Ponteareas

4º.- A antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º.- A maior idade.

B. Para as prazas correspondentes aos Procesos de estabilización do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, os criterios de desempate a aplicar en caso de empate na puntuación final do concurso-oposición serán os que de seguido se enumeran coa seguinte orden de prelación:

1º.- Estar ocupando no concello de Ponteareas a praza obxecto da convocatoria.

2º.- Estar ocupando no concello de Ponteareas unha das prazas da mesma Subescala ou categoría que a convocada.

3º.- Estar ocupando unha praza de distinta Subescala ou categoría que a convocada no concello de Ponteareas

4º.- A antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º.- A maior idade.

## SÉTIMA. RELACIÓN DE APROBADOS, ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS E NOMEAMENTO

Unha vez terminada a baremación e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica deste Concello <https://ponteareas.sedelectronica.gal/> e no Taboleiro de Anuncios, e na páxina web para maior difusión.

Os aspirantes propostos acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de 10 días hábiles desde que se publican, na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios,



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

para maior difusión, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser nomeados persoal funcionario ou persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral nesta administración estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento/contratación, debendo presentar unicamente certificación do Departamento do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

A Alcaldesa deberá de nomear funcionario/a ou contratar como persoal laboral fixo ao/a aspirante proposto/a, no prazo máximo de 10 días hábiles a contar desde a terminación dos 10 días hábiles anteriores. O nomeamento mencionado publicárase no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, ou contratación de persoal laboral este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo máximo de 10 días hábiles

#### **OITAVA. NORMATIVA APLICABLE**

A execución e desenvolvemento destes procesos selectivos que se convocan se rexerá pola seguinte normativa:

- a. A propia Lei 20/2021, do 28 de decembro.
- b. O Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (TREBEP).
- c. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG) aplicable ás entidades locais galegas segundo o seu artigo 4.1.c).
- d. O Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario da Administración Local aplicable tamén ao persoal laboral nos termos da súa disposición adicional segunda, agás do disposto nos seus artigos 8 e 9.
- e. A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (en adiante LBRL).
- f. O Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (en adiante TRRL).
- g. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

h. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

i. O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF) aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

## **NOVENA . RÉXIME DE IMPUGNACIÓN**

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearreas, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

Contra a resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que dé remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo. Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

## **DÉCIMA . COMPENSACIÓN ECONÓMICA DERIVADA DA NON SUPERACIÓN DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN.**

Nos termos previstos no artigo 2.6. da Lei 20/2021, do 28 de decembro, corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando





Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

en activo como tal, vira finalizada a súa relación co concello de Pontearreas pola non superación do proceso selectivo de estabilización.

No caso do persoal laboral temporal, dita compensación consistirá na diferenza entre o máximo de vinte días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de doce mensualidades, e a indemnización que lle correspondera percibir pola extinción do seu contrato, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. En caso de que a citada indemnización fora recoñecida en vía xudicial, se procederá á compensación de cantidades. A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

A compensación económica pola finalización da relación interina, ou temporal co Concello de Pontearreas ou a non superación do proceso selectivo de estabilización, á que se refire o número 6 do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, ;será incompatible coa superación doutro proceso selectivo de estabilización derivado desta lei e consecuente mantemento da prestación de servizos no Concello de Pontearreas, considerada; no seu conxunto. De acordo coa incompatibilidade antedita se o cese na praza que ocupa o persoal funcionario interino ou laboral se produce pola toma de posesión noutra praza doutra Administración a consecuencia da superación dun proceso selectivo de estabilización, non se percibirá a compensación.

**BASES ESPECÍFICAS: OFICIAL ADMINISTRATIVO/A  
OPE EXTRAORDINARIA LEI 20/2021. PERSOAL FUNCIONARIO GRUPO C1,  
PROCEDIMENTO SEGÚN ARTIGO 2 LEI 20/2021, do 28 de decembro, de medidas  
urxentes para a redución da temporalidade no emprego público**

**1.- Denominación da Escala/Subescala:**

Administración Xeral. Subescala Administrativa. Denominación: OFICIAL ADMINISTRATIVO/A.  
Subgrupo C1

**2.- Oferta de emprego público:**

Oferta de emprego público de carácter excepcional prevista no Artigo 2 da Lei 20/2021 Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

**3.- Identificación das prazas convocadas na Relación  
de Postos de Trballo do concello:**

**PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO**

<i>CÓDIGO:</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>SUBGRUPO</i>
01.04.00.03	ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C1

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

No caso de que as persoas que as ocupan na actualidade se presenten e superen o proceso selectivo correspondente, estabilizarán o vínculo xurídico que teñen co Concello: o persoal laboral temporal (incluído o indefinido non fixo) pasará a natureza de persoal laboral fixo, e de conformidade ca disposición transitoria 1ª da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o suposto de que estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, poderá seguir realizándoas ou desempeñándoas.

#### 4. Requisitos específicos

a) Titulación.- Estar en posesión do Título de bacharelato ou equivalente. Así mesmo se observará o establecido na Orden EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orden EDU/520/2011, de 7 de marzo.

b) Lingua galega.- Estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. Non obstante, aqueles aspirantes que non posúan este requisito poderán acreditar o seu coñecemento da lingua galega mediante a superación dunha proba nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

c) Taxa a satisfacer para participar no proceso selectivo :Grupo C1 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 30,00€ ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que dé dereito á exención ou de ser o caso, recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.

#### 5. Tipo de provisión: Concurso- Oposición.

Sistema selectivo de concurso-oposición regulado no artigo 56.3. da LFPG e no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, aplicable tamén ao persoal laboral nos termos da súa disposición adicional segunda.

##### 5.1 Fase de Concurso

Nestes procesos a fase de concurso será previa á fase de oposición e a valoración dos méritos non suporá mais dun corenta (40%) por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo e, co fin de asegurar a debida idoneidade das persoas aspirantes. En ningún caso a fase de concurso será eliminatoria

A puntuación máxima alcanzable no concurso é de 40,00 puntos.

A formación valorarase ata un máximo de 10,00 puntos consonte ao seguinte esquema:

A. Formación (Máximo 10 puntos)

A.1 Formación académica:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

- . Titulación Universitaria: 1 punto
- . Titulación FP de grado superior , Bacharelato ou equivalente: 0,75 puntos.
- . Titulación FP grado medio, graduado en ESO ou equivalente: 0,50 puntos.
- . Becas ou prácticas para a formación: 1 punto por Beca ou práctica.

### **A.1 Formación Complementaria:**

Pola realización de cursos homologados polas diferentes AAPP, ou outras entidades do Sector Público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continúa cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto obxecto da convocatoria, e os considerados transversais por o seu interese, como por exemplo coñecemento da lingua galega (nivel superior ao exigido na Convocatoria), os relacionados coa prevención de riscos laborais, regulación das empregadas e empregados públicos, transparencia, protección de datos, igualdade , protección de colectivos vulnerables, protección do medio ambiente, ofimática e atención ás cidadás e cidadáns, ou equivalentes.

0,80 puntos por hora (no computándose as fraccións inferiores á hora)

En caso de non xustificarse a duración do curso, este non poderá ser valorado.

### **B. Experiencia**

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 30,00 puntos consonte ao seguinte esquema:

a. Servizos prestados no corpo, escala, subescala, categoría profesional ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,50 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

b. Servizos prestados en corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais ou equivalentes doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

c. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais na Administración Convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

d. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,10 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

## 5.2 Fase de Oposición

O exercicio da fase de oposición consistirá nunha única proba tipo test obrigatoria e non eliminatória, de 60 preguntas con catro respostas alternativas e unha única resposta válida e 4 preguntas de reserva. As respostas erróneas ou en branco non penalizan.

Esta proba valorarase de 0 a 60 puntos en función do número de respostas acertadas. O tempo máximo de realización deste exercicio será de 60 minutos.

## 6. Cualificación final.

A puntuación de todos os méritos será de máximo 40 puntos e a cualificación da fase de oposición será de máximo 60 puntos.

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma da cualificación da puntuación da fase de oposición e da obtida na fase de concurso.

**7. Bolsa de emprego** en virtude da disposición adicional 4ª da Lei 20/2021, aquelas persoas que non superen o proceso selectivo e reúnan os requisitos esixidos na convocatoria e nas presentes bases, integraranse nas bolsa existentes de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas para esta categoría.

Constitución e funcionamento de bolsa de emprego

Prevese para aquelas persoas que non superen o proceso selectivo, a súa inclusión en bolsas de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal.

Nas devanditas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente, e non superando este, si obteñan a puntuación de 20 puntos na fase de oposición, ordenados segundo a devandita puntuación obtida.

Os chamamentos realizaranse respectando a orde de prelación que virá determinado pola suma da puntuación obtida.

O orde de chamamento dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será por: Chamamento ao primeiro aspirante dispoñible da lista.

Terá preferencia o aspirante que figura en primeiro lugar da lista de orde da bolsa.

A bolsa de emprego funcionará segundo o establecido nas Bases Xerais de Selección de persoal Funcionario interino e persoal laboral temporal no Concello de Pontearreas para a confección de listaxes de contratación temporal, aprobadas mediante Decreto nº 2018-1119 de data 3 de maio de 2018, publicadas no BOPPO nº 97 de data 22 de maio de 2018, cuxo texto consolidado foi publicado no BOPPO Nº 193 de data 5 de outubro de 2018.

## 8. Réxime de impugnación

O non previsto nestas bases específicas regularase polas Bases Xerais que rexen a convocatoria.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearreas, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

Contra a resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que dé remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo. Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

## 9. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

### ANEXO: TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978: significado e estrutura.
2. Dereitos fundamentais e deberes.
3. O municipio: concepto e elementos.
4. Competencias do municipio. Servizos mínimos.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

5. O acto administrativo: concepto e clases.
6. O acto administrativo; Requisitos: competencia, contido, motivación e forma.
7. O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia.
8. O procedemento administrativo común; Os interesados: dereitos e obrigas.
9. O procedemento administrativo común: iniciación, instrución e finalización do procedemento administrativo.
10. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público: A sede Electrónica. Portal de internet. Firma electrónica del persoal ao servizo das Administracións Públicas. Arquivo electrónico de documentos.
11. Bens das Entidades Locais.
12. Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados de goberno local.
13. Obxecto, presuposto base de licitación, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación.
14. O orzamento Xeral das Entidades Locais: Elaboración e aprobación. Prórroga orzamentaria.
15. Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais: Principios. Dereitos do interesado.
16. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade
17. Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións: Disposicións comúns ás subvencións públicas. Procedementos de concesión e xestión das subvencións
18. Ordenanzas e Regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.
19. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno: Transparencia da actividade pública
20. A participación de municipios e provincias nos Tributos do Estado e das CCAA.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

**BASES ESPECÍFICAS: OFICIAL ADMINISTRATIVO/A  
OPE EXTRAORDINARIA LEI 20/2021. PERSOAL FUNCIONARIO GRUPO C1. SEGÚN  
DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA DA LEI 20/2021, do 28 de decembro, de medidas  
urxentes para a redución da temporalidade no emprego público****1.- Denominación da Escala/Subescala:**

Administración Xeral. Subescala Amministrativa. Denominación: OFICIAL ADMINISTRATIVO/A.  
Subgrupo C1

**2.- Oferta de emprego público:** Oferta de emprego público de carácter excepcional prevista na disposición adicional sexta da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade, agás para o posto con código 04.01.01.23. ao que lle será de aplicación a Disposición Adicional 8ª da devandita Lei.

**3.- Identificación das prazas convocadas na Relación  
de Postos de Traballo do concello:**

PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO

<i>CÓDIGO:</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>SUBGRUPO</i>
04.01.01.23	ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C1
01.05.00.03	ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C1
02.02.03.03	ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C1
02.02.06.04	ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C1
02.02.05.20	ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C1

No caso de que as persoas que as ocupan na actualidade se presenten e superen o proceso selectivo correspondente, estabilizarán o vínculo xurídico que teñen co Concello: o persoal laboral temporal (incluído o indefinido non fixo) pasará a ter natureza de persoal laboral fixo, e de conformidade ca disposición transitoria 1ª da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o suposto de que estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, poderá seguir realizándoas ou desempeñándoas.

**4. Requisitos específicos**

a) Titulación.- Estar en posesión do Título de bacharelato ou equivalente. Así mesmo se observará o establecido na Orden EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orden EDU/520/2011, de 7 de marzo.

b) Lingua galega.- Estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. Non obstante, aqueles aspirantes que non posúan este requisito poderán acreditar o seu coñecemento da lingua galega mediante a superación dunha proba nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

C) Taxa a satisfacer para participar no proceso selectivo: Grupo C1 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 30,00€ ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que dé dereito á exención ou de ser o caso, recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.

## 5. Tipo de provisión: Concurso.

O sistema de selección é o de concurso regulado no artigo 61.6 e 7 do TREBEP para os procesos selectivos das prazas relacionadas nas bases Xerais pertencentes á oferta de emprego público de carácter excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Constitución Española, no seu artigo 103, esixe á Administración Pública que o desempeño da súa actividade realícese con garantía de obxectividade e imparcialidade e con sometemento ao principio de eficacia. Do mesmo xeito, a obriga a que o acceso ás funcións públicas efectúese en condicións de igualdade e de acordo con os principios de mérito e capacidade, segundo establécese nos artigos 23.2 e 103.3.

En todo caso, deberase cumprir co establecido en relación á prohibición de que os procesos sexan restrinxidos

## ESTRUTURA DO CONCURSO

A puntuación máxima alcanzable no concurso é de 100,00 puntos

Os méritos profesionais non superarán o 60% do total da puntuación máxima, nin os méritos académicos suporán menos dun 40% da devandita puntuación.

### A. Formación (Máximo 40 puntos)

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes AAPP, ou outras entidades do Sector Público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continúa cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto obxecto da convocatoria, e os considerados transversais por o seu interese, como por exemplo coñecemento da lingua galega (nivel superior ao exixido na Convocatoria), os relacionados coa prevención de riscos laborais, regulación das empregadas e empregados públicos, transparencia, protección de datos, igualdade, protección de colectivos vulnerables, protección do medio ambiente, ofimática e atención ás cidadás e cidadáns, ou equivalentes.

0,80 puntos por hora (no computándose as fraccións inferiores á hora) ata un máximo de 40 puntos.





Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

## B. Experiencia

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 60,00 puntos consonte ao seguinte esquema:

a. Servizos prestados no corpo, escala, subescala, categoría profesional ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,50 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

b. Servizos prestados en corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais ou equivalentes doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

c. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais na Administración Convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

d. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,10 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

## 6. Cualificación

A puntuación de todos os méritos será de máximo 100 puntos.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

## 7. Réxime de impugnación

O non previsto nestas bases específicas regularase polas Bases Xerais que rexen a convocatoria.

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearreas, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

Contra a resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra o acordo



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

do tribunal de lista definitiva de puntuacións que dé remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo. Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

## 8. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

## **BASES ESPECÍFICAS ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, ESCALA TÉCNICA: ARQUITECTO/A SUBGRUPO A1, ARQUITECTA/O TÉCNICA/O SUBGRUPO A2, ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OPE EXTRAORDINARIA LEI 20/2021. PERSOAL FUNCIONARIO.**

### 1.- Denominación da Escala/Subescala:

Administración Especial, Escala Técnica,

Denominación:

Arquitecto/a Grupo A, Subgrupo A1

Arquitecto/a Técnico/a Grupo A, Subgrupo A2

Enxeñeiro/a Técnico/a Grupo A, Subgrupo A2

**2.- Oferta de emprego público:** Oferta de emprego público de carácter excepcional prevista na disposición adicional sexta da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade .



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

### 3.- Identificación das prazas convocadas na Relación de Postos de Traballo do concello:

#### PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO

<i>CÓDIGO:</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>SUBGRUPO</i>
03.01.00.02	Arquitecto/a	Subgrupo A1
03.01.00.08	Arquitecto/a Técnico/a	Subgrupo A2
03.01.00.03	Enxeñeiro/a Técnico/a	Subgrupo A2

No caso de que as persoas que as ocupan na actualidade se presenten e superen o proceso selectivo correspondente, estabilizarán o vínculo xurídico que teñen co Concello: o persoal laboral temporal (incluído o indefinido non fixo) pasará a ter natureza de persoal laboral fixo, e de conformidade coa disposición transitoria 1ª da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o suposto de que estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, poderá seguir realizándoas ou desempeñándoas.

#### 4. Requisitos específicos

##### a) Titulación.-

Arquitecto/a (A1): Estar en posesión da titulación de Grao en Arquitectura ou equivalente, que habilite para o exercicio das funcións do posto.

Arquitecto/a Técnico/a (A2): Estar en posesión da titulación de Grao en Arquitectura técnica ou equivalente, que habilite para o exercicio das funcións do posto.

Enxeñeiro/a Técnico/a ou equivalente: Estar en posesión da titulación de Grao en Enxeñería de Obras Públicas ou titulación equivalente que habilite para o exercicio das funcións do posto.

b) Lingua galega.- Estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. Non obstante, aqueles aspirantes que non posúan este requisito poderán acreditar o seu coñecemento da lingua galega mediante a superación dunha proba nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

c) Taxa a satisfacer para participar no proceso selectivo : subgrupo A1 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 45,00€ (Arquitecto/a), subgrupo A2 (Arquitecto/a Técnico/a e Enxeñeiro/a Técnico/a) ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 40,00€ ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que dé dereito á exención ou de ser o caso, recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.



## 5. Tipo de provisión: Concurso.

O sistema de selección é o de concurso regulado no artigo 61.6 e 7 do TREBEP para os procesos selectivos das prazas relacionadas nas bases Xerais pertencentes á oferta de emprego público de carácter excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Constitución Española, no seu artigo 103, esixe á Administración Pública que o desempeño da súa actividade realícese con garantía de obxectividade e imparcialidade e con sometemento ao principio de eficacia. Do mesmo xeito, a obriga a que o acceso ás funcións públicas efectúese en condicións de igualdade e de acordo con os principios de mérito e capacidade, segundo establécese nos artigos 23.2 e 103.3.

En todo caso, deberase cumprir co establecido en relación á prohibición de que os procesos sexan restrinxidos

### ESTRUTURA DO CONCURSO

A puntuación máxima alcanzable no concurso é de 100,00 puntos

Os méritos profesionais non superarán o 60% do total da puntuación máxima, nin os méritos académicos suporán menos dun 40% da devandita puntuación.

#### A. Formación (Máximo 40 puntos)

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes AAPP, ou outras entidades do Sector Público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continúa cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto obxecto da convocatoria, e os considerados transversais por o seu interese, como por exemplo coñecemento da lingua galega (nivel superior ao exixido na Convocatoria), os relacionados coa prevención de riscos laborais, regulación das empregadas e empregados públicos, transparencia, protección de datos, igualdade, protección de colectivos vulnerables, protección do medio ambiente, ofimática e atención ás cidadás e cidadáns, ou equivalentes.

0,40 puntos por hora (no computándose as fraccións inferiores á hora) ata un máximo de 40 puntos.

#### B. Experiencia

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 60,00 puntos consonte ao seguinte esquema:

a. Servizos prestados no corpo, escala, subescala, categoría profesional ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,50 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

b. Servizos prestados en corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais ou equivalentes doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

c. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais na Administración Convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

d. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,10 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

### **Cualificación**

A puntuación de todos os méritos será de máximo 100 puntos.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

## **6. Bolsas de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal**

Ante a inexistencia de bolsas de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal nas categorías de Arquitecto/a (Subgrupo A1), Enxeñeiro/a Técnico/a (Subgrupo A2 ) e Arquitecto/a Técnico/a (Subgrupo A2), e en virtude da disposición adicional 4ª da Lei 20/2021, con aquelas persoas que non superen o proceso selectivo e reúnan os requisitos esixidos na convocatoria crearanse bolsas de persoal funcionario interino ou de persoal laboral temporal específicas para cada categoría.

### **Constitución e funcionamento de bolsa de emprego**

Prevese para aquelas persoas que non superen o proceso selectivo, a súa inclusión en bolsas de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal.

Nas devanditas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente, e non superando este, si obteñan a puntuación de 5 puntos, ordenados segundo a devandita puntuación obtida.

Os chamamentos realizaranse respectando a orde de prelación que virá determinado pola suma da puntuación obtida.

O orde de chamamento dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será por: Chamamento ao primeiro aspirante dispoñible da lista.

Terá preferencia o aspirante que figura en primeiro lugar da lista de orde da bolsa.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

A bolsa de emprego funcionará segundo o establecido nas Bases Xerais de Selección de persoal Funcionario interino e persoal laboral temporal no Concello de Pontearreas para a confección de listaxes de contratación temporal, aprobadas mediante Decreto nº 2018-1119 de data 3 de maio de 2018, publicadas no BOPPO nº 97 de data 22 de maio de 2018, cuxo texto consolidado foi publicado no BOPPO Nº 193 de data 5 de outubro de 2018.

## 7. Réxime de impugnación

O non previsto nestas bases específicas regularase polas Bases Xerais que rexen a convocatoria.

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearreas, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

Contra a resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que dé remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo. Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

## 8. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable

### **BASES ESPECÍFICAS: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A OPE EXTRAORDINARIA LEI 20/2021. PERSOAL FUNCIONARIO GRUPO C2**

#### **1.- Denominación da Escala/Subescala:**

Administración Xeral. Subescala Auxiliar. Denominación: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A. Subgrupo C2

**2.- Oferta de emprego público:** Oferta de emprego público de carácter excepcional prevista na disposición adicional sexta da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade .

#### **3.- Identificación das prazas convocadas na Relación de Postos de Traballo do concello:**

PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO

CÓDIGO: DENOMINACIÓN SUBGRUPO

#### **PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO**

<i>CÓDIGO:</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>SUBGRUPO</i>
01.02.00.05	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
01.02.04.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
01.03.00.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
01.04.00.05	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
01.04.00.06	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
01.05.00.05	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
02.01.00.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
02.02.01.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
02.02.01.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
02.02.02.01	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
02.02.02.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
02.02.02.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
02.02.02.04	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
03.02.00.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2
04.01.01.24	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.	Subgrupo C2

\* As prazas con códigos 02.01.00.07, 02.02.02.02, Reservaranse para persoas con discapacidade cumprindo así co artigo 59 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. En canto ás prazas

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

reservadas para persoas con discapacidade que queden desertas, acumularanse á quenda xeral no caso dos procesos de acceso libre.

En canto ás probas selectivas, a norma establece que se realizarán para as persoas con discapacidade que o soliciten “as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización”.

No caso de que as persoas que as ocupan na actualidade se presenten e superen o proceso selectivo correspondente, estabilizarán o vínculo xurídico que teñen co Concello : o persoal laboral temporal (incluído o indefinido non fixo) pasará a natureza de persoal laboral fixo , e de conformidade ca disposición transitoria 1ª da Lei 2/2015 de 29 de abril , do emprego público de Galicia , para o suposto de que estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, poderá seguir realizándoas ou desempeñándoas.

#### 4. Requisitos específicos

a) Titulación.- Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Educación Xeral Básica (EXB) ou equivalente. Así mesmo se observará o establecido na Orden EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orden EDU/520/2011, de 7 de marzo.

b) Lingua galega.- Estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente. Non obstante, aqueles aspirantes que non posúan este requisito poderán acreditar o seu coñecemento da lingua galega mediante a superación dunha proba nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

c) Taxa a satisfacer para participar no proceso selectivo : Grupo C2 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 25,00€ ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que dé dereito á exención ou de ser o caso, recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.

#### 5. Tipo de provisión: Concurso.

O sistema de selección é o de concurso regulado no artigo 61.6 e 7 do TREBEP para os procesos selectivos das prazas relacionadas nas bases Xerais pertencentes á oferta de emprego público de carácter excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Constitución Española, no seu artigo 103, esixe á Administración Pública que o desempeño da súa actividade realícese con garantía de obxectividade e imparcialidade e con sometemento ao principio de eficacia. Do mesmo xeito, a obriga a que o acceso ás funcións públicas efectúese en condicións de igualdade e de acordo con os principios de mérito e capacidade, segundo establécese nos artigos 23.2 e 103.3.





Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

En todo caso, deberase cumprir co establecido en relación á prohibición de que os procesos sexan restrinxidos

## **ESTRUTURA DO CONCURSO**

A puntuación máxima alcanzable no concurso é de 100,00 puntos

Os méritos profesionais non superarán o 60% do total da puntuación máxima, nin os méritos académicos suporán menos dun 40% da devandita puntuación.

### **A. Formación (Máximo 40 puntos)**

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes AAPP,ou outras entidades do Sector Público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continúa cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto obxecto da convocatoria, e os considerados transversais por o seu interese, como por exemplo coñecemento da lingua galega (nivel superior ao exixido na Convocatoria), os relacionados coa prevención de riscos laborais, regulación das empregadas e empregados públicos, transparencia, protección de datos, igualdade, protección de colectivos vulnerables, protección do medio ambiente, ofimática e atención ás cidadás e cidadáns, ou equivalentes.

1,15 puntos por hora (no computándose as fraccións inferiores á hora) ata un máximo de 40 puntos.

### **B. Experiencia**

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 60,00 puntos consonte ao seguinte esquema:

a. Servizos prestados no corpo, escala, subescala, categoría profesional ou equivalente na Administración convocante en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,50 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

b. Servizos prestados en corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais ou equivalentes doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

c. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais na Administración Convocante, en calidade de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,20 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.

d. Servizos prestados noutros corpos, escalas, subescalas, categorías profesionais doutras Administracións Públicas distintas da Administración convocante, en calidade de funcionario interino ou persoal laboral temporal: 0,10 puntos por mes completo, nos 15 anos anteriores a esta Convocatoria.



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

## 6. Cualificación

A puntuación de todos os méritos será de máximo 100 puntos.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de concurso.

## 7. Réxime de impugnación

O non previsto nestas bases específicas regularase polas Bases Xerais que rexen a convocatoria.

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearreas, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes.

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

Contra a resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que dé remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo. Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

## 8. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

**BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA POLO PROCESO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO DO POSTO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL, SUBGRUPO 3.3****1.- Denominación**

Auxiliar de Axuda no fogar Subgrupo 3.3

**2.- Oferta de emprego público:** Oferta de emprego público de carácter excepcional prevista na disposición adicional sexta da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade .

**3.- Identificación das prazas convocadas na Relación de Postos de Traballo do concello:**

<i>CÓDIGO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>CONFIGURACIÓN NA RPT</i>	<i>SUBGRUPO</i>
02.02.01.07	Auxiliar de Axuda no Fogar	Persoal Laboral	3.

No caso de que as persoas que as ocupan na actualidade se presenten e superen o proceso selectivo correspondente, estabilizarán o vínculo xurídico que teñen co Concello: o persoal laboral temporal (incluído o indefinido non fixo) pasará a ter natureza de persoal laboral fixo, e de conformidade ca disposición transitoria 1ª da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o suposto de que estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, poderá seguir realizándoas ou desempeñándoas.

**4. Requisitos específicos**

a) Titulación.- Estar en posesión do Certificado de profesionalidade en atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente.

b) Lingua galega.- Estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente. Non obstante, aqueles aspirantes que non posúan este requisito poderán acreditar o seu coñecemento da lingua galega mediante a superación dunha proba nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

c) Taxa a satisfacer para participar no proceso selectivo : Grupo C2 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 25,00€ ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que dé dereito á exención ou de ser o caso, recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.

**5. Tipo de provisión: Concurso.**

O sistema de selección é o de concurso regulado no artigo 61.6 e 7 do TREBEP para os procesos selectivos das prazas relacionadas nas bases Xerais pertencentes á oferta de emprego público de carácter excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:R3Z7CYQRPODUQRSQ



Luns, 26 de decembro de 2022

Núm. 245

A Constitución Española, no seu artigo 103, esixe á Administración Pública que o desempeño da súa actividade realícese con garantía de obxectividade e imparcialidade e con sometemento ao principio de eficacia. Do mesmo xeito, a obriga a que o acceso ás funcións públicas efectúese en condicións de igualdade e de acordo con os principios de mérito e capacidade, segundo establécese nos artigos 23.2 e 103.3.

En todo caso, deberase cumprir co establecido en relación á prohibición de que os procesos sexan restrinxidos

## **ESTRUTURA DO CONCURSO**

A puntuación máxima alcanzable no concurso é de 100,00 puntos

Os méritos profesionais non superarán o 60% do total da puntuación máxima, nin os méritos académicos suporán menos dun 40% da devandita puntuación.

### **A. Formación (Máximo 40 puntos)**

